

MONTEOLIVA ARQUITECTURA, S.L.P.

MODIFICACIÓN PUNTUAL

DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE
OLEIROS PARA RECLASIFICAR O SOLO URBANIZABLE
SUD-17 "MONTE SINO" EN SOLO URBANO



RESUMO EXECUTIVO

DOCUMENTO PARA APROBACIÓN INICIAL

OLEIROS, MARZO DE 2019

1.- RESUMO DA ALTERACIÓN DO PLANEAMENTO

O presente Documento constitúe a Modificación Puntual do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Oleiros, coa finalidade de reclasificar os terreos incluídos no ámbito do sector de solo urbanizable delimitado SUD-17 “Monte Sino” en solo urbano. Preténdese atribuírle a ditos terreos o réxime do solo urbano consolidado previsto na lexislación urbanística vixente xa que foron incorrectamente clasificados como solo urbanizable.

O ámbito do Sector SUD-17 reúne e reunía no momento da formulación do PXOM vixente as condicións legais para ser clasificado como solo urbano consolidado. O ámbito será pois ordenado mediante a ordenanza de uso e tipoloxía residencial de vivenda unifamiliar.

Por outra banda, dado que o SUD-17 tiña adscrito un terreo exterior con destino a zona verde (Parque metropolitano de Liáns), procederase a romper dito vinculo e o dito terreo será clasificado de solo rústico e obterase por expropiación.

Os terreos do SUD-17 sitúanse na urbanización Monte do Sino (Liáns) e o solo adscrito sitúase en Bastiagueiro (Perillo), no Concello de Oleiros.

2.- ÁMBITO DA ALTERACIÓN DO PLANEAMENTO E DA SUSPENSIÓN

O presente Resumo Executivo elabórase consonte o disposto no artigo 25.3 do Texto Refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana (R.D.L. 7/2015, de 30 de outubro) e xúntase ao Documento de Aprobación Inicial da Modificación Puntual das NN.SS. de Planeamento do Concello de Oleiros, para a súa exposición ao público.

O citado precepto determina a necesidade de expresión das áreas do territorio alteradas pola nova ordenación e o seu alcance. En consecuencia, haberá que determinar aqueles ámbitos nos que cómpre suspender a ordenación (suspensión de licenzas) ou os procedementos de execución ou de intervención urbanística e mesmo a duración da suspensión.

Dita suspensión adoptarase naqueles ámbitos ou zonas do territorio municipal nas que o réxime de clasificación do solo do planeamento anterior resulta incompatible co réxime previsto no novo planeamento.

Enténdese por ámbitos nos que a ordenación proxectada altera a vixente con consecuencias evidentes que motiven a devandita suspensión, aqueles onde o réxime de clasificación e/ou calificación do solo resulta incompatible ou contradictorio entre a ordenación das NN.SS. e a presente modificación sometida a Aprobación Inicial.

A Modificación Puntual ten un alcance reducido e circunscrito aos terreos do SUD-17. O seu ámbito é a poligonal de 32.790 m² de superficie que abrangue 25 parcelas catastrais. Dito sector tiña adscrito un terreo de 3.784 m² de superficie, pertencente á zona verde ZV-5, que abrangue parte dunha parcela catastral.


[001800700NH59G](#)
[001800800NH59G](#)
[001800900NH59G](#)
[001801000NH59G](#)
[001801300NH59G](#)
[001801200NH59G](#)
[001801100NH59G](#)
[15059A01600433](#)
[15059A01600432](#)
[15059A01600431](#)
[001802300NH59G](#)
[15059A01600365](#)
[001801400NH59G](#)
[001801500NH59G](#)
[001801600NH59G](#)
[15059A01600534](#)
[15059A01600381](#)
[001801700NH59G](#)
[15059A01600385](#)
[001801800NH59G](#)
[15059A01600387](#)
[15059A01600388](#)
[001802100NH59G](#)
[001802000NH59G](#)
[001801900NH59G](#)

O ámbito da modificación esténdese mesmo ata os terreos adscritos ao sector con destino a zona verde de sistema xeral, situados en Bastiagueiro. A parcela catastral ten o código [15059A030000760000TT](#)


A expresión gráfica deste concepto queda reflectida no Plano que se xunta, baixo o concepto de “Ámbito de Alteración e Suspensión de Licenzas”.

A suspensión de licenzas ou procedementos terá unha duración de ata dous (2) anos contados dende a Aprobación Inicial. En todo caso extinguirase coa Aprobación Definitiva da Modificación Puntual.

3.- PLANOS DOS ÁMBITOS DA ALTERACIÓN DO PLANEAMENTO E DA SUSPENSIÓN



Ámbito da modificación (SUD 17) sobre plano da Dirección Xeral do Catastro



Ámbito da modificación (terreo adscrito ao SUD 17) sobre plano da Dirección Xeral do Catastro

MARZO DE 2019
OS ARQUITECTOS,

Asdo.: Ángel Luís Monteoliva Díaz

Asdo.: Silvana Lema Castiñeira

Asdo.: Iñigo de Miranda Osset